

BANDO

PRESTACIÓN ECONÓMICA DE PAGO ÚNICO POR FILLA/O A CARGO MENOR DE 3 ANOS

Infórmase á veciñanza que a **Consellería de Política Social**, abre o prazo de presentación de solicitudes da **Prestación económica de pagamento único para o ano 2019** por fillas e fillos menores de 3 anos nados entre o **02/01/2016** e o **31/12/2017**.

Requisitos:

- Que as persoas proxenitoras teñan a súa residencia habitual en Galicia.
- Que na data da solicitude as nenas e/ou nenos convivan coa persoa solicitante
- Que as filla e/ou fillos sexan menores de tres anos (nacementos entre o 02/1/2016 e o 31/12/2017, inclusive) e non tiveran opción de acceder á prórroga da Tarxeta Benvida en 2018.
- Que durante o ano 2017, ningunha persoa integrante da unidade familiar presentase declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) correspondente a este período (por ter a obriga ou presentala de xeito voluntario aínda sen ter a obriga).

Tipo de axuda e contía:

A prestación consistirá nun pagamento único por cada filla ou fillo menor de tres anos sen que a mesma filla ou fillo poida dar lugar a máis dunha prestación. A contía será a seguinte:

- Cando sexa a primeira filla ou fillo: 360 euros.
- Cando sexa a segunda filla ou fillo: 1.200 euros.
- Cando sexa a terceira ou terceiro e sucesivos: 2.400 euros.

Documentación a achegar coas solicitudes:

- **Novas solicitudes:**
 - * Libro de familia
 - * Certificados de empadramento conxunto de toda a unidade familiar.
 - * Sentenza de separación ou divorcio, se é o caso
 - * Resolución da Adopción ou Tutela, se é o caso
 - * Acreditación da monoparentalidade, se é o caso
 - * Código IBAN da conta bancaria.
 - * Declaración de Axudas, de non ter débedas coa Seguridade Social e Autorización para a verificación de datos en Facenda
- **Perceptoras no ano 2018:**
 - * Resolución do ano anterior co número de expedienteSe variaron as circunstancias acreditación documental

Prazo:

Do 4 de abril ao 28 de maio

Para máis Información e presentación de solicitudes poden dirixirse ao **Servizo Social Comunitario** deste Concello os **luns, de 10 a 14 horas, e martes e venres de 9 a 14 horas** (TEL. 986564409, email: ssociais@pontecesures.org).

Pontecesures, 4 de abril de 2019

O ALCALDE,

Juán Manuel Vidal Seage

(asinado dixitalmente ao marxe)



CONCELLO DE
PONTECESURES

CONCELLO DE PONTECESURES